

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de outubro de 2005**

**Orde do día** dos asuntos que se van a tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro xoves, día 27 de outubro de 2005, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Central-Actas

- 1.-Toma de posesión do deputado do PSOE, don Alejandro Rodríguez Lema.
- 2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 10/05, do 29 de setembro.
- 3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.322 deica a nº 19.302.

### Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

- 4.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Curtis.
- 5.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Santa Comba.
- 6.-Modificación de ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2006.
- 7.-Expediente de modificación de créditos nº 3/05 e de modificación das subvencións nominativas recollidas na base 47ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2005.

### Cooperación e Asistencia a Municipios

- 8.-Aprobación da 2ª fase do POL AD 2/2005 por aplicación do fondo de reserva de eficacia.
- 9.-Aprobación do Programa operativo local adicional 3/2005.
- 10.-Aprobación do Programa de rede viaria local adicional 3/2005.
- 11.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acceso ao casco histórico-Cabo Ortegál 3-F” do Concello de Cariño incluída no POS 2004. Código 04.2100.0388.0.
- 12.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Camiño de Pico-Fachas (Cumbras) e outros” do Concello de Mesía, incluída no POS 2005. Código 05.2100.0193.0.

### **Planes Especiais, Contratación e Equipamento**

13.-Aprobación do “Proxecto reformado da obra de limpeza, consolidación e rehabilitación do muíño de Portochao”, Concello de Melide, incluída inicialmente na 7ª fase do plan e retomada na liquidación do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular. Cód. 99.4100.0416.0.

14.-Aprobación do “Proxecto reformado da obra de restauración e transformación das antigas vivendas dos gardas do Castelo de Santa Cruz en dependencias de usos múltiples” Concello de Oleiros, incluída na liquidación do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular. Cód. 00.4100.0484.0

15.-Aprobación do “Proxecto reformado da obra de construción de lavadoiros en Portomouro, Carreira e Bascuas” Concello do Val do Dubra incluída na liquidación do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular. Cód. 99.4100.0127.0

16.-Aprobación do Plan de experiencia piloto de depuración de augas residuais en pequenos núcleos 2005, 2ª fase.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais.**

17.-Aprobación provisional da segunda relación da 2ª fase do Plan de travesías 2005 integrado polo proxecto EP 7803 Santiago a Figueiras P.Q. 3,52 ao 4,00 (Santiago de Compostela). Código 05.1130.0007.0 e solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras.

18.-Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto EP 3302 Escravitude a San Xulián de Laño, P.Q. 5.3 ao P.Q. 5.71 (05.1130.0004) (código do proxecto de gastos 2005P0006)

19.-Aprobación provisional da terceira relación da 2ª fase do Plan de travesías 2005 integrado polo proxecto E.P. 0205 Bertamiráns á Ramallosa P.Q. 0,00 ao 3,13 (Ames). Código 05.1130.0008.0, e solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras.

20.-Aprobación provisional da terceira relación da 3ª fase do Plan de travesías 2050 integrado polo proxecto travesías E.P. 7804 do Val do Dubra a Santiago P.Q. 21,20 ao P.Q. 21,71 (Santiago de Compostela). Código 05.1130.0013.0, e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras, e prestar conformidade ao detalle en fases cos efectos da súa aprobación provisional e a súa posterior contratación, de acordo coa solicitude formulada polo Concello de Boimorto do proxecto travesía na E.P. 0603 de Boimorto ao Orxal pola Mota P.Q. 0,30 ao P.Q. 1,30 (Boimorto). Código 051300009.0.

21.-Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto travesía na E.P. 3004 de Cabanas a Martinete P.Q. 03, ao P.Q 1,40 (0511300011.0) ) (código do proxecto de gastos 2005P0004).

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo**

22.-Convenio coa Asociación de Hostalería da Costa da Morte (Primeiro Congreso da Asociación).

23.-Convenio da Urbanización Polígono “As Lagoas” (Narón)

24.-Proposta de incorporación da Deputación ao grupo de Acción Local de Loia.

25.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación de Desenvolvemento Ría Muros-Noia.

26.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local (Terra das Mariñas).

27.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación de Desenvolvemento Sar-Ulla.

28.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros.

29.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación Costa Ártabra.

30.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Ordes.

31.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación Euroeume.

32.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños.

33.-Proposta de incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Asociación para o Desenvolvemento Rural de Trastámara.

### **Comisión de Deporte, Xuventude e Medio Ambiente**

34.-Aprobación do proxecto reformado do de terminación da instalación de Protección Civil de Narón.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS



DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Rieiro Oreiro.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PSOE, DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA.**

#### Sr. secretario

O primeiro punto é a toma de posesión do deputado do Partido Socialista Obreiro Español don Alejandro Rodríguez Lema. Recibiuse o pasado 8 de outubro na Secretaría Xeral desta deputación unha credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que se designou deputado provincial a don Alejandro Rodríguez Lema en substitución, por renuncia, de don Manuel Noceda Lamela, por estar incluído na listaxe de candidatos presentada polo Partido Socialista de Galicia, Partido Socialista Obreiro Español, ás eleccións locais do 25 de maio de 2003.

Por outro lado, don Alejandro Rodríguez Lema cumpriu o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que sinala que todos os membros das Corporacións locais deberán formular declaración sobre causa de posíbel incompatibilidade, e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos, e que formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais antes da toma de posesión, con ocasión do seu cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Cumpridos, xa que logo, todos os requisitos, don Alejandro Rodríguez Lema pode tomar posesión como deputado, logo da prestación do xuramento ou da promesa preceptivas.

Sr. presidente

Rógolles que avisen ao Sr. Alejandro Rodríguez Lema para que pase para tomar posesión como deputado, e adquira a condición plena de deputado.

O Sr. Rodríguez Lema entra no Salón de Sesións, e toma posesión do seu cargo, prometendo o desempeño deste e lendo a fórmula, imponéndolle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

## **2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/05, DO 29 DE SETEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/05, do 29 de setembro.

## **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 17.322 DEICA A Nº 19.302.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.322 deica a nº 19.302.

## **4.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE CURTIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“ Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Curtis en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva de taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, fraccionándose en dúas cotas semestrais.
- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”



## **5.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE SANTA COMBA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Santa Comba en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das taxas por recollida do lixo no casco urbano.
- Recadación voluntaria e executiva das taxas pasaxes permanentes.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **6.-MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2006.**

### INTERVENCIONES

Sr. Lagares Pérez

Vaia por diante a felicitación a don Alejandro Rodríguez Lema no nome do equipo de goberno, e en particular do Grupo Provincial Socialista, ao que desexamos, por suposto, unha boa andaina e que traballe como está a facer desde a Alcaldía, arreo por todas as cidades da provincia, e por esta institución, en definitiva.

Despois deste inicio, imos presentar as Ordenanzas fiscais correspondentes ao exercicio 2006. Non se nos pode escapar que, indubidabelmente, as taxas e os prezos públicos son a parte orzamentaria, digamos, máis autónoma que ten esta deputación; igual que os ingresos patrimoniais, o alleamento de investimentos reais, e a apelación ao crédito. E sen lugar a dúbida, tanto cualitativa como cuantitativamente, representan, desde o punto de vista do marco económico de cara aos orzamentos de 2006, un aspecto que cremos importante, aínda que é o 3,5%, e que representan preto de 5.700.000 euros, indubidabelmente non nos podemos esquecer de que son importantes, e que comporán, como digo, o orzamento do exercicio 2006.

Para que as señoras e señores deputados teñan unha referencia, dicir que destacaríamos no exercicio 2005 dous aspectos de ingresos importantes, que son: a taxa

de recadación, onde están 82 concellos da provincia, e onde hoxe dous deles, rematamos de valorar favorablemente a súa incorporación de distintos aspectos tributarios que recadará esta institución provincial, esa taxa representou algo máis de tres millóns e medio de euros de ingresos, seguíndoa, en cantidade, a taxa do Boletín Oficial da Provincia, con arredor de 600.000 euros.

A nivel formal, o expediente consta da memoria da Presidencia, do informe de recursos propios, que así se fai referencia nel ao artigo 172 do ROF, do Regulamento de organización e funcionamento; tamén o texto que se propón coas propostas de modificación das súas tarifas, igualmente o informe técnico que incorpora os estudos técnicos financeiros de avaliación de custos, conforme marca o artigo 25 do Texto refundido da lei de facendas locais; e como non, o ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sentido favorábel.

A nivel de fondo, digamos que as modificacións propostas polo equipo de goberno se traducen nunha xenérica, e son o incremento das tarifas no 3, 5% nas ordenanzas nº 2, 3, 4, 10, 11, 13 e 14, que vén ser o IPC interanual entre abril 2004-abril 2005, que son os parámetros que acostuma utilizar esta institución provincial. Quero destacar que posibelmente ao longo deste ano teremos que facer unha revisión da Ordenanza Fiscal Xeral, motivada, como saben todos vostedes, pola entrada en vigor da Lei xeral tributaria, o 1 de xuño de 2004, e os regulamentos que a van desenvolver, que son un total de 4, e que neste momento están aprobados tres, co que queda pendente o regulamento que busca a finalidade da xestión e a inspección tributaria.

Queremos dicir con isto o equipo de goberno que, con toda probabilidade, no momento en que estea aprobado este regulamento adaptárase á Ordenanza Fiscal Xeral, á lei, e por suposto, aos regulamentos que veño de anunciar, e que se fará nun próximo Pleno.

Así mesmo, queremos destacar que este 3,5% non vai afectar a dúas taxas, concretamente á taxa de Recadación provincial, que se vai manter nos mesmos parámetros, quero dicir en recadación voluntaria no 5%, e en executiva, coas recargas de constrinximento, no 75%; polo tanto, a Ordenanza fiscal nº 5 permanecerá inamovíbel. E así mesmo a taxa do imposto de actividades económicas, que seguirá en vigor o 25% de recarga, como sabemos, naquelas empresas que superen a facturación anual de 1.000.000 de euros. Polo tanto, a Ordenanza fiscal nº 6 tamén permanecerá inamovíbel.

É desexo deste equipo de goberno que o espírito da Lei de facendas locais antiga e o actual texto refundido, que buscan o equilibrio entre ingresos e o custo do servizo, que se leve a efecto. Sabemos que isto non é unha realidade nestas ordenanzas, sabémolo perfectamente, pero trataremos, estase a tratar, a necesidade deste reequilibrio, que aínda que un pouco utópico, nalgún momento pode chegar a ser realidade. Pero tamén a lei dispón que cando existan razóns de tipo social, de tipo

benéfico, cultural, ou de interese público, se poderán fixar taxas ou prezos públicos por debaixo do custo do servizo.

E xa vou acabando. Simplemente resumir a modo de conclusións, e que esperemos o voto favorábel do Grupo Provincial do Partido Popular neses tres aspectos que veño de destacar: o equipo de goberno incrementa un 3,5%, segundo expuxen, de acordo co IPC interanual; trataremos de adaptar a Ordenanza Fiscal Xeral aos regulamentos que está a desenvolver a Lei xeral tributaria, no momento en que os lexisladores completen o cuarto regulamento, e así estaremos ao completo; e indubidabelmente, continuar co equilibrio entre ingresos e gastos do servizo, recorrendo, como sempre á solidariedade, que é o espírito que impera nalgúns aspectos destas ordenanzas. Nada máis, de momento e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Por parte do Partido Popular, estando de acordo coa necesidade que temos de actualizar as ordenanzas fiscais, porén no que se refire estritamente ao punto que se somete a aprobación hoxe, a nós parécenos máis adecuado seguir o criterio que marcou tanto o goberno central como a Xunta de Galicia de actualización de taxas no 2%. Isto foi tamén a tónica que fixo o goberno provincial, cando gobernaba o Partido Popular, nos dous últimos anos, quero lembrar que no ano 2003, tamén cos votos favorábeis do PSOE, se aprobou esa porcentaxe do 2%.

A razón de seguir este criterio é que, desde unha institución tan representativa como é a Deputación provincial, pensamos que debemos de seguir o que marca tanto o Goberno central como a Xunta de Galicia na loita, en definitiva, contra a inflación, porque no incremento de prezos tamén se produce en taxas estatais ou en taxas autonómicas, e non obstante se utiliza o criterio do 2%. Isto é unha acción específica, consciente, tendente a evitar incremento de prezos, sobre todo en momentos tan complicados como este, co incremento dos prezos do petróleo e a inflación que se está a producir.

Todo isto en definitiva é decisión política. Ningunha das taxas que se somete hoxe a aprobación ten estudo económico para saber realmente o custo e a rendibilidade da taxa, e polo tanto temos que utilizar criterios políticos, o criterio do IPC ou o criterio do 2%. Nós consideramos máis razoábel o criterio do 2%, independentemente de que en relación ao resto dos temas sinalados polo relator de Facenda, nós estamos, obviamente, de acordo coa revisión da ordenanza básica e da aplicación da normativa.

E non hai moito máis que dicir, como tamén dicía vostede moi ben, as taxas cobren o custo de prestación de servizos públicos de natureza individualizada, ben ao cen por cento, ou ben combinados con impostos en función da natureza da taxa. Aquí non podemos falar nin de impostos nin de financiamento por taxa porque non temos ningún estudo económico que nos diga exactamente canto se vai recadar. E diante dese

criterio estritamente político, nós entendemos que debería seguirse o criterio do 2%. Se a postura do goberno é do 2%, votaremos a favor; e se non, votaremos en contra.

#### Sr. Lagares Pérez

Agradézolle ao Sr. Rodríguez a súa intervención, aínda que non a compartimos, evidentemente. El fala do IPC previsto, do 2%, e nós falamos do IPC real, interanual, entre abril de 2004 e abril de 2005. Isto parécese que xa foi un debate que formulamos cando se aprobaron as Ordenanzas fiscais do ano 2005.

E se teño que dicirlle que o Grupo Socialista votou a favor das ordenanzas do ano 2003, si, e as do 2002, as do 2001, as do 1999, etc. Pero só unha vez o Grupo Popular, cando desempeñaba o goberno, soamente unha vez, aplicou o 2%, porque con anterioridade aplicaba sistematicamente o IPC interanual, como está a facer este equipo de goberno.

E a min gustaríame preguntarlle se efectivamente os alcaldes do Grupo Popular que sentan aquí tamén aplican nos seus concellos o 2%, verá vostede que non. Recentemente mire o acordo, por exemplo, do Concello de Ferrol que está a gobernar en coalición e o alcalde é do Grupo Popular, mire que aplicaron.

En segundo lugar, fala tamén, que está de acordo, indubidabelmente, da adaptación dos distintos regulamentos que van desenvolver a Lei xeral tributaria, e que traeremos a esta cámara para o seu debate, para o seu debate e a súa aprobación, se procede. Pero si teño que dicirlle que cando falaba do aspecto formal deste expediente que comportan as ordenanzas fiscais, teño que aclararlle que existe un informe técnico que incorpora os estudos económicos-financeiros de avaliación de custos, porque o marca así o artigo 25 do Texto refundido da lei de facendas locais.

Agradezo a intervención do Partido Popular e lamento que o seu voto non sexa afirmativo. Eu nesta segunda intervención, Sr. Rodríguez, intento convencelo, imos ver se fun capaz.

#### Sr. Rodríguez Rodríguez

Ben, imos ver unha cousa: a Xunta de Galicia, que eu saiba, é unha Xunta gobernada polo Bloque e o PSOE, ou o PSOE e o Bloque, non vaiamos cambiar os criterios de quen é máis maioritaria, aínda que non se sabe moi ben na realidade quen dos dous goberna máis, pero ben, á parte dese tema menor, alí aplican o 2%. Obviamente, pódese seguir o criterio do 2%, ou o criterio do IPC real; ninguén discute que o IPC sexa o 3,5%. Se unha Administración autonómica aplica ese criterio, a deputación pode seguir un criterio, seguramente seguido pola maior parte dos concellos, chamemos criterio municipal, ou aproximarse máis á filosofía da Xunta de Galicia, que repito está gobernada polo PSOE e o BNG; non polo PP.

Por que nós dicimos isto? Porque queremos que a deputación teña unha significación especial, e dunha maneira, simbolicamente, podíase adscribir ás administracións que tentan loitar contra a inflación. É un tema que non ten unha incidencia singular sobre o financiamento da propia deputación.

Canto a estudos económicos que acompañan á taxa, pois se quere, algún día, ao mellor establecemos un debate sobre o coñecemento en realidade, interésame moitísimo saber a realidade do custo, os cálculos reais, efectivos, da prestación do servizo público de taxas, porque a verdade, independentemente de que formalmente exista un estudo dese tipo, -que non dubido-, pois polo menos na época na que o Partido Popular tiña responsabilidade no goberno había moitas dificultades técnicas para chegar á determinación exacta do custo real das taxas.

E por suposto, obviamente, non ten nada que ver co 2%, porque non me dirá vostede que se ese estudo fose real todas as taxas subirían un 3,5%; unhas subirían máis e outras menos, porque a taxa, en principio, se formula para cubrir o custo real do servizo, non é este o debate, polo tanto, non escurezamos os termos de discusión, os termos de discusión é que se segue un modelo ou outro; nós nos dous últimos anos seguimos un modelo; antes tínhamos outro, é certo, pero entendemos, despois dunha reflexión profunda que deberíamos de sumarnos ás administracións que loitaban contra a inflación, e foi unha decisión política; vostedes seguen a contraria, respectábel, pero obviamente a nós obríganos a votar en contra, cousa que vostede supoño que xa supuña.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Dositeo, a verdade é que esta é unha discusión bizantina, porque non ten ningún efecto transcendente económico, nin sobre a inflación nin sobre o orzamento da deputación. Estamos a falar da inflación interanual e da inflación prevista; a inflación interanual, de abril a abril é dun 3,5, e a inflación prevista nos orzamentos do estado dun 2,7%; estamos a falar dun 0,8%, dunhas taxas de prezos públicos que afectan ao 3% dos ingresos provinciais; é dicir, estamos a falar do 0,024% dos ingresos provinciais. Pero se imos ás taxas, a máis barata quizais sexan os anuncios publicados con carácter ordinario no Boletín Oficial da Provincia, que se cobra 0.19 euros por cada palabra, entre aplicar o 2%, o 2,7%, ou o 3,5%, sae o mesmo: 0,19. E se imos á taxa máis cara, que é a utilización de Mariñán, salón con capacidade de até 140 persoas por día, con aloxamento, ou sen aloxamento, estamos a falar de 2 euros ao día para unha persoa que vai a Mariñán. É dicir, non ten ningún tipo de efecto, nós tratamos de igualar ao custo, a taxa ao custo, todas as taxas son deficitarias, todas son deficitarias, e non ten ningunha transcendencia.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (11-PSOE e 5-BNG)

Votan en contra: 14 deputados (PP)

Abstéñense: Ningún.

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia emitida para dar cumprimento ao disposto no art. 218.4 do Regulamento de facendas locais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da avaliación de custos (art. 24.2 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e art. 20 da Lei 8/1989).
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

**1º.-** Aprobar as modificacións da *Ordenanza fiscal nº 2* reguladora da taxa polo servizo de publicacións, subscripción e venda do Boletín Oficial da Provincia (artigo 7), *Ordenanza fiscal nº 3* reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 4* reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 10* reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 11* reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais (art. 6), *Ordenanza fiscal nº 13* reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva (art. 4.2) e *Ordenanza fiscal nº 14* reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán (art. 4.2).

**2º)** Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**3º)** Unha vez aprobadas definitivamente, publicación íntegra das modificacións das ordenanzas fiscais números 2,3,4,10,11 e ordenanzas reguladoras do prezo público nº 13 e 14. (ANEXO 1)

4º.- As ordenanzas comezarán a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra estas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

- As Ordenanzas fiscais núms. 2,3,4, e as Ordenanzas reguladoras do prezo público núms. 13 e 14 a partir do 1 de xaneiro de 2006.

- A Ordenanza fiscal nº 10 para o curso escolar 2006/2007.

- A Ordenanza fiscal nº 11 para o curso escolar 2006/2007 no Colexio Calvo Sotelo e a partir do 1 de xaneiro de 2006 nos Fogares infantís e xuvenís

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das Ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

## **7.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/05 E DE MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 47ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2005.**

### INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, trataremos de ser breves e de expor con claridade en que vai consistir este expediente de modificación de créditos nº 3 de 2005, de aprobación plenaria.

O total do expediente é un pouco máis de 2.900.000 euros, que se financian con dous aspectos: baixas por anulación, 1,8 millóns de euros, e remanente de tesouraría para gastos xerais, algo máis dun millón de euros. E, cal é o destino das economías, cal é o fondo político, digamos, deste expediente?. Este equipo de goberno redúceo a catro aspectos importantes, que cremos que van mellorar distintos aspectos que, indubidabelmente, teremos en conta nesta cámara e que son importantes.

En primeiro lugar, eu destacaría un bloque de subvencións destinados aos nosos compatriotas galegos que están ao outro lado do mar, que están a pasar uns momentos delicados, que non é motivo de exposición aquí e que está na mente de todas as señoras e señores deputados. É dicir, neste primeiro aspecto, sería unha solidariedade cos nosos veciños de América do Sur, unha partida global de 260.000 euros, que aparece recollida como distintas subvencións nominativas e que se desenvolverán, como é lóxico, tendo

en conta a Lei de subvencións que aquí expuxemos reiteradas veces en distintos debates e á cal non me vou referir.

O segundo grande aspecto político é unha colaboración coas organizacións agrarias de implantación na provincia e en Galicia, é dicir, Jóvenes Agricultores, Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias, cunha contía global de 360.000 euros, e un reparto lineal e igualitario para as tres centrais sindicais.

E en terceiro lugar, o volume máis elevado son investimentos propios e distintas liquidacións de obras, capítulo VI do Orzamento, Investimentos Propios, e que marcan algo máis de dous millóns e medio de euros. Polo tanto, son temas que indubidabelmente marcan máis unha parte, digamos, administrativa, que simplemente política en si, agás eses aspectos que citei no inicio da miña intervención.

E entón, como non, outras pequenas economías, que por ser pequenas teñen un valor importante, e teñen un valor importante porque para o Colexio Calvo Sotelo, por pór un exemplo, é importante ter unha sala de medios audiovisuais, unha aula nova, onde a modernización sexa o parámetro do ensino que neste momento rexenta esta institución provincial. Como tamén é importante completar o edificio administrativo con destino a dependencias para administrativos desta institución, e representa unha cantidade de algo máis de 39.000 euros. Como é tamén importante finalizar o multiusos de Muxía, coa problemática que tivo no seu momento e á cal non me vou referir, pero sen lugar a dúbidas as liquidacións de obras e a reforma do Teatro Colón, neste caso, con algo máis de 870.000 euros, marcan a pauta fundamental no capítulo de investimentos.

No capítulo de Transferencias Correntes, non nos podemos esquecer tampouco da subvención nominativa que leva o Hóquei Club Liceo, así como suplemento de promoción de asociacións de veciños, con 180.000 euros, por motivos coñecidos polas señoras e señores deputados, e aos cales tampouco me vou referir porque sería reiterar intervencións pasadas.

Insistir, aínda que si, as cantidades son pequenas, os centros galegos de emigración van recibir, e así aparece reflectido, no expediente, no ditame correspondente da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, aparecen reflectidos no capítulo de Transferencias Correntes, capítulo IV, 120.000 euros, e no capítulo de Investimentos, capítulo VII, Transferencias de Capital, 140.000 euros, que van destinados a reformas de locais, adquisicións, unha residencia xeriátrica, e o Museo Galego da Emigración, que unha primeira fase xa foi tida en consideración de forma favorábel, por este foro, por este Pleno provincial.

E xa, Sr. presidente, non me vou estender máis. Pensamos que estes catro grandes apartados de solidariedade, de colaboración cos sindicatos agrarios, e de investimentos e liquidacións, así como outros pequenos investimentos, coidamos que son favorábeis para a provincia, para os cidadáns, e sobre todo para aqueles



compañeiros e concidadáns do alén mar que están a sufrir neste momento moito, e cos cales nos sentimos plenamente identificados, plenamente solidarios.

Sres. do Partido Popular, solicito o seu voto favorábel a este expediente número 3.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A posición do Grupo Provincial Popular sobre este expediente é unha posición moi meditada, que foi obxecto dun profundo intercambio de opinións entre todos os compoñentes do grupo, por implicar distintos aspectos e a valoración que cada un deles nos permitía.

Hai un aspecto en todo este expediente que a nós nos preocupou especialmente, que determinou ese debate interno no grupo: o elevado número de subvencións nominativas que a deputación vén concedendo desde o inicio deste ano, do orzamento deste ano. Hai que lembrar que no Pleno do 25 de novembro do ano pasado, para o orzamento de 2005, había 68 subvencións, sobre o exercicio anterior significou un incremento do 92,3% na súa contía, no número de subvencións, -nominativas, estamos a falar-, e do 94,28% no crédito. Por outra parte, neste expediente hai 13 novas subvencións nominativas, por importe de 692.000 euros. É dicir, en total, con cargo ao orzamento do ano 2005, tramítanse un total de 121 subvencións nominativas por importe de 13.596.556 euros, 121 subvencións nominativas. Hai que lembrar que no ano 2003 a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establecía un principio xeral, que di: “os órganos da Administración pública, ou calquera ente que propoñan establecemento de subvencións, con carácter previo deberán de concretar un proxecto estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretendan coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsíbeis e a súa fonte de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”, -e di despois no mesmo artigo: “a xestión de subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios: a) publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación...”, -despois-: “b) eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización de recursos”. Pero o primeiro apartado establece unha obriga xeral: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, que é moi difícil de cumprir cando se trata de subvencións nominativas, sobre todo cando estamos a falar neste ano, 2005, de 121 expedientes de concesión de subvencións nominativas. Cando se afaste dos principios xerais da lei, establécese que deberá, en todo caso, acreditarse razóns singulares, específicas e de especial transcendencia que xustifique esa concesión de subvención nominativa, apartándose dos principios xerais da lei. É obvio que neste caso non se pode pretender, -pódese pretender, pero non creo que esa pretensión sexa aceptada xeralmente- que os 121 expedientes de subvención cumpriron eses requirimentos singulares que acreditan a súa excepcionalidade.

Iso era un tema que nos preocupaba. Tamén nos preocupou outro tema, que é de carácter simbólico e relativamente menor, menor en contía pero non en simbolismo. Antonte, o martes desa semana, celebrouse o Día Mundial de Internet, había actos en moitos sitios sobre a importancia da sociedade de información, e vemos que un dos financiamentos deste expediente se fai con cargo ao crédito destinado a aulas informáticas a concellos. De verdade que ese era un programa que nós, cando gobernamos, miramos con especial preocupación, -ou xeramos-, foi un programa novo do goberno provincial do Partido Popular, e coidamos que a difusión da sociedade de información nos concellos é un elemento fundamental. Se analizamos a realidade é que, efectivamente, neste caso se dan de baixa neste concepto 275.379 euros, sobre un crédito de 550.000. No orzamento de 2004 o crédito era de 490.410 euros, comprometéronse o 57,25%, 270.000 euros, e xeráronse obrigas soamente por 4.170 euros. É dicir, no orzamento de 2004, a nivel de obrigas recoñecidas, só se conseguiu o 0,85%; e no ano 2005, que eu saiba, non hai nivel de compromisos, e sobre un crédito inicial de 550.000 euros, como dicimos, báixanse 275.000 euros. Nós, noutro momento, proporémoslle a este Pleno un debate sobre a sociedade de información nos concellos, e sobre os medios que debemos de utilizar para incrementar esta sociedade de información, esta necesidade de que todos os habitantes da provincia poidan acceder ás tecnoloxías da información, hoxe non é o momento.

E isto explica, explica fundamentalmente a preocupación dos membros do Grupo Provincial Popular sobre este expediente. Porén, fronte a isto, encontrámonos con outro dato, que para nós tamén ten relevancia: a natureza das subvencións que se conceden, é dicir, os casos concretos que hai aquí. E claro, para nós, é imposíbel votar en contra de subvencións aos centros galegos do exterior. Ben é verdade que os exhortamos a vostedes para que regularicen este tema e establezan convocatorias abertas a todos os centros, non podemos opornos a que os centros que estean aquí reciban axuda; é imposíbel, por nós oxalá que se incrementasen estas contías, pero pode haber moitos centros iguais a estes que tivesen o mesmo dereito, e que se lles quita a posibilidade de recibir subvención porque non o coñecían, por que se escollen estes e non outros?. Por iso, a Lei xeral de subvencións establece o principio de publicidade. Agora, tomada a decisión, pois non podemos votar en contra diso.

Como tampouco podemos votar en contra das subvencións a organizacións agrarias. Vostedes, por primeira vez, cambiaron un criterio que determinou unha discusión profunda no Pleno desta cámara, porque os anos anteriores vostedes discriminaban a Jóvenes Agricultores, só concederon axudas ao Sindicato Labrego Galego e a Unións Agrarias; este ano é para os tres; por iso temos que estar de acordo con que os tres reciban subvención; non estabamos de acordo outros anos, pero este ano si. E despois, as demais, parécennos tamén subvencións razoábeis, en canto á entidade que a recibe, isto sen prexuízo de que o noso principio o sigamos mantendo.

E polo tanto, despois de formulada esta reflexión, introducimos unha preocupación adicional: eu estou convencido, sinceramente, de que cando o Consello de Contas analice a nosa política de subvencións, vannos tirar das orellas, porque non

estamos a cumprir razoabelmente cos principios xerais da lei. Pero neste caso, neste caso concreto, á vista dos expedientes que están aquí, nós imos votar a favor. E como é natural, se votamos a favor das subvencións, tamén votamos a favor do expediente de modificación de créditos.

En relación aos investimentos provinciais, como é natural, estamos de acordo con elas.

Sr. presidente

Imos ver, Sr. Lagares, vostede xa os convenceu de que van votar favorabelmente, así que, por favor, brevemente, menos dun minuto, de acordo?.

Sr. Lagares Pérez

Si, señor presidente, como dicía Gracián: “o bo, se breve, dúas veces bo”. Eu non sei se o vou facer ben, pero vou ser breve, non se preocupe.

Sr. Rodríguez, agradezo o seu voto favorábel en nome do seu grupo, porque considerabamos e agardabamos que o Grupo Popular fose sensíbel. Non vou entrar en debate sobre subvencións nominativas, sobre a Lei de subvencións, porque foi un tema debidamente debatido, e eu de veras que escoitei atentamente a súa exposición, pero quedoulle un pouquiño de “letra miúda”, que eu sempre lle digo tamén. Pero de todas as formas, non vou entrar en debate, agradezo a súa intervención, e grazas polo seu voto favorábel. Nada máis.

Sr. presidente

A ver, completando o adaxio de Gracián: “o bo, se breve, dúas veces bo”, e “o malo, se breve, dúas veces malo”.

Sr. Rodríguez Rodríguez

É un tópicos que é innecesario. Hai un tema de fondo moi importante, hai unha Lei de subvencións nova, que é do ano 2003, que rexía a partir do ano 2004, esa lei non a estamos a cumprir satisfactoriamente, non a estamos a cumprir satisfactoriamente, eu penso, Sr. presidente, que vostede ten asesores suficientes para que o informen de como é a situación actual, pero volvo repetir o mesmo: a natureza concreta das entidades beneficiarias, nese debate interno, primou sobre o que era a nosa filosofía de respecto á Lei de subvencións que entendemos que non se respecta suficientemente neste caso, pero pasamos por ela. Por esta vez.

## ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/05 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 2.922.871,22 €e que ofrece o seguinte resumo:

**Aumentos:**

CE. Créditos extraordinarios.....	75.440,60
SC. Suplementos de crédito .....	2.847.430,62
<b>Total de aumentos: .....</b>	<b>2.922.871,22</b>

**Baixas (Financiamento):**

BA. Baixas por anulación.....	1.831.757,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais.....	1.091.114,22
<b>Total de baixas:.....</b>	<b>2.922.871,22</b>

2º.- Modificación da Base 47ª de execución do Orzamento provincial.

2º-1.-Incorporarlles ás subvencións nominativas recollidas na Base 47ª do Orzamento provincial do exercicio 2005 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0104/463C/489.99	Hogar español Montevideo	Adquisición mobiliario centro social	60.000,00
0104/463C/489.99	Centro Gallego de La Plata	Reformas no local social	24.000,00
0104/463C/489.99	Fundación Xeito Novo(Arx.)	Actividades de formación	18.000,00
0104/463C/489.99	Fogar galego ancianos (Arx.)	Mantemento residencia Domselaar	18.000,00
0104/463C/789.99	Centro gallego de Uruguay	Rehabilitación centro polideportivo	26.000,00
0104/463C/789.99	Padroado Cultura Gallega (Ur.)	Adquisición local social	42.000,00
0104/463C/789.99	Fed. Asoc.Gallegas R. Arxentina	Reforma e ampliación MEGA	36.000,00
0104/463C/789.99	A.C. Hijos Ayto. Boiro (Arxent.)	Residencia xeriátrica	36.000,00
0305/711E/489.99	Xóvenes Agricultores - ASAJA	Actividades formación-divulgación	120.000,00
0305/711E/489.99	S.L.G. Comisións labregas	Actividades formación-divulgación	120.000,00
0305/711E/489.99	Unións Agrarias UPA	Actividades formación-divulgación	120.000,00
0502/451L/489.99	Fundación democracia G. Local	Cota socio ano 2005	9.000,00
0601/452C/489.99	Hóckey Club Liceo	II fase programa activ. deportivas prov.	63.000,00

2º-2.- Modificar a subvención nominativa recollida na Base 47ª dos Orzamentos provinciais do exercicio 2005 e que se enumera a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións:

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0601/451L/489.99	Fundación Galicia-Europa	Cota socio 2005	25.012,00

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **8.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POL AD 2/2005 POR APLICACIÓN DO FONDO DE RESERVA DE EFICACIA.**

Sr. Torres Colomer

Sr. presidente, as miñas primeiras palabras serían para lle dar a benvida ao novo deputado, o compañeiro e alcalde de Vimianzo, don Alejandro. Sen dúbida, fará un bo labor nesta cámara en pro desa Costa da Morte.

Entrando no tema, dicirle, Sr. presidente, e con esa brevidade que está vostede pedindo hoxe, que do punto 8 ao 34, que son os que quedan, ambos os dous inclusive, imos votar a favor, porque algúns son de puro trámite administrativo, outros son consecución de proxectos en marcha, outros son reformados normais, sen aumento de orzamento, pero co seu permiso pido unha intervención para o Sr. Lamas, que vai dicir algo sobre o punto 23 e 34.

Co seu permiso, pásolle a palabra ao Sr. Lamas, pero insistindo no voto favorábel a todos estes puntos.

Sr. Lamas Sánchez

Eu tamén me quero sumar á felicitación ao novo deputado, e deséxolle o mellor neste Pleno, nesta deputación.

Moi brevemente, Sr. presidente. Nós queremos anunciar o noso voto afirmativo, tanto no punto 23 como no 34, fundamentalmente porque o noso grupo está a favor dese convenio de urbanización no Polígono das Lagoas, e tamén, dalgunha maneira, á aprobación do reformado da instalación de Protección Civil en Narón. Pero eu coído que non podemos obviar o informe de Intervención, en concreto do Servizo de Fiscalización, que di respecto do convenio de urbanización do Polígono das Lagoas, di: “a forma normal de cooperación económica das deputacións cos concellos é a través de proxectos provinciais, con criterios obxectivos, equitativos, expresos e predeterminados, de distribución e asignación de fondos. Faise necesario que se acredite no expediente as razóns excepcionais de interese público que impiden, ou non fan conveniente, a actuación a través dos proxectos provinciais vixentes, ou mediante os programas xerais de subvencións dirixidos a concellos da provincia e entidades”.

Eu penso, sinceramente, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, que é un toque de atención a este Pleno. Podemos entender que exista unha necesidade, pero eu coído que temos todos a obriga de entender se esta é unha necesidade xeneralizada na nosa provincia, e entendo que pode ser así porque cada vez son máis os concellos que teñen polígonos industriais, entendo que é a nosa obriga darlle unha forma legal, darlle unha forma perfectamente correcta a través dos proxectos provinciais.

E a intervención neste punto, e tamén noutro punto que é as instalacións de Protección Civil, que efectivamente da súa lectura teñen todo o sentido, porque ninguén con sentido común pode estar en contra desa ampliación para situación do camiión moto-bomba do remolque da Zodiac, e o tema de almacén para extintores, entendemos que é de acordo, pero creo que, dalgunha forma, tería que articularse a través doutro xeito. E no segundo dos casos, tamén no informe que se nos acompaña, dise dalgunha forma que aínda que o informe do Servizo de Arquitectura se motiva nas razóns da redacción do proxecto xa reformado, non se xustifica por que a deputación debe financiar o 80% do incremento do custo da obra, se a redacción do reformado se atribúe a necesidades do Concello de Narón.

O noso grupo simplemente entende que tamén neste caso podemos estar marcando un precedente que, de non ser igual para o resto dos concellos, estaríamos a situar ao resto dos concellos nunha situación de discriminación respecto destes concellos.

Por iso, Sr. presidente, o noso voto é afirmativo, pensando nas realidades, pensando nas necesidades, e dalgunha forma buscando a operatividade desta

deputación, pero entendo que para todos nós, para todos os deputados, o informe do Servizo de Fiscalización é un informe que todos temos que ter en conta.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Lamas. Enténdense aprobados os puntos do número 8 ao 34, ambos os dous incluídos. E é certo que a reflexión que vostede fai, eu, persoalmente, tamén a comparto. É indubidábel que no convenio de Narón hai un precedente, que é o convenio do Tambre, e crear precedentes é complicado porque entón a xente quere o mesmo tratamento, e metémonos en problemas financeiros que non temos capacidade para absorber. Polo tanto, trataremos de ser coidadosos e non crear precedentes.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a segunda fase do adicional nº 2 á anualidade 2005 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos FEDER e deputación, por aplicación do fondo de reserva de eficacia do dito programa.

Neste programa inclúense as novas actuacións que seguidamente se indican de forma detallada por axentes cofinanciadores.

<b>MEDIDA 5.3</b>						
<b>CONCELLO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>Código</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>FEDER-LOCAL</b>	<b>DEP. F.P.</b>	<b>DEP.CONC.</b>
Cabanas	REDE SAN.LARAXE-EDAR VEIGA 1-F	05.2302.0201.0	85.398,50	59.778,95	21.349,62	4.269,93
Cesuras	MAQUINA CARGADORA RETRO EXCAVADORA	05.2302.0202.0	72.268,00	50.587,60	18.067,00	3.613,40
Cesuras	TRACTOR E CORTA CÉSPEDE	05.2302.0203.0	64.159,47	44.911,63	16.039,86	3.207,98
Mesía	CAPTACIÓN E ACOND. ETAP MESÍA	05.2302.0204.0	115.451,01	80.815,71	28.862,74	5.772,56
Mugardos	ABAST.AUGA ALTA FRANZA 1-F	05.2302.0205.0	274.986,54	192.490,58	68.746,63	13.749,33
Ponteceso	TRACTOR ROZADORA	05.2302.0206.0	72.000,00	50.400,00	18.000,00	3.600,00
<b>TOTAL OBRAS NOVAS</b>			<b>684.263,52</b>	<b>478.984,47</b>	<b>171.065,85</b>	<b>34.213,20</b>

Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos

O importe total deste POL adicional 2/2005 financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2005.

A deputación financiará as cantidades que lles correspondan aos concellos.

2.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.

5.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir coas actuacións.”

### **9.- APROBACIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 3/2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o adicional nº 3 á anualidade 2005 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do FEDER, deputación e concellos, por aplicación do importe non disposto da anualidade 2005 do POL, no que se inclúe a actuación que deseguido se indica con detalle do seu financiamento.

MEDIDA 5.3

Concello	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO	FEDER-LOCAL	DEPUTACIÓN	
					DEPUT.F.P.	DEP. CONCELLO
CERCEDA	AMPLIACIÓN DO PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA	05.2303.0207.0	719.920,97	503.944,68	179.980,24	35.996,05

TOTAL POL ADICIONAL 3/2005	719.920,97	503.944,68	179.980,24	35.996,05
----------------------------	------------	------------	------------	-----------

A deputación financiará as cantidades que lles correspondan aos concellos.

O importe total de 719.920,97€ a que ascende o presente Programa POL adicional 3/2005, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2005.



2.- Dispor a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días desde a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

4.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días desde a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

5.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/97 de administración local de Galicia, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días desde a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

6.- Unha vez transcorrido o prazo de 10 días de información e exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o Programa operativo local adicional 3/2005.”

### **10.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE REDE VIARIA LOCAL ADICIONAL 3/2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º .- Aprobar o Programa de **rede viaria local adicional 3/2005** no que se inclúe a obra que se indica deseguido, financiada integramente con achega provincial.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u> <u>Deputación Fondos Propios</u>
05.2403.0506.0	Boiro	EP 1104 de Boiro á Ponte de San Francisco, reforzo de firme PK 1.700 ao 7.000	350.000,00

2º.- Aprobar o correspondente proxecto técnico de execución da obra.

3º.- A contratación da obra incluída no Programa de RVL adicional 3/2005 realizarao a deputación.

4º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

7º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días da exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir coas actuacións.

8º .- O financiamento deste programa realizarase con cargo á partida 0501/511B/60144.”

**11.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACCESO AO CASCO HISTÓRICO-CABO ORTEGAL 3-F” DO CONCELLO DE CARIÑO INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0388.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Acc. Casco histórico - Cabo Ortegal 3F" do Concello de Cariño, incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0388.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariábeis as achegas da Deputación e do Estado.”

<b>04.2100.0388.0                      Acc. casco histórico - Cabo Ortegal 3F (Concello de Cariño)</b>						
	<b>Proxecto inicial</b>		<b>Proxecto reformado</b>		<b>Diferenza</b>	
	<b>P.contrata</b>	<b>P.adjudicación</b>	<b>P.contrata</b>	<b>P.adjudicación</b>	<b>P.contrata</b>	<b>P.adjudicación</b>
Deputación f.p.	36.752,46	32.656,66	36.752,46	32.656,66	0	0
Deputación préstamo	31.106,58	31.106,58	31.106,58	31.106,58	0	0
Estado	13.661,76	13.661,76	13.661,76	13.661,76	0	0
Concello	12.181,27	4.075	30.889,86	20.347,32	18.708,59	16.272,32
TOTAL	93.702,07	81.500	112.410,66	97.772,32	18.708,59	16.272,32

**12.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMIÑO DE PICO-FACHAS (CUMBRAOS) E OUTROS” DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDA NO POS 2005. CÓDIGO 05.2100.0193.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Camiño Pico-Fachas (Cumbras) e out.” (código: 05.2100.0193.0) do Concello de Mesía, incluída no POS 2005 cun orzamento de contrata de 40.693,87 € que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade das obras pero si representa alteración substancial do contido do proxecto.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>f. propios</u>	<u>Deputación</u> <u>préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
05.2100.0193.0	Mesía	Camiño Pico-Fachas (Cumbras) e out.	18.134,48	14.540,25	5.984,44	2.034,70	40.693,87

**13.- APROBACIÓN DO “PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE LIMPEZA, CONSOLIDACIÓN E REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE PORTOCHAO”, CONCELLO DE MELIDE, INCLUÍDA INICIALMENTE NA 7ª FASE DO PLAN E RETOMADA NA LIQUIDACIÓN DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR. CÓD. 99.4100.0416.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Limpeza, consolidación e rehabilitación do muíño de Portochao”, Concello de Melide, cód. 99.4100.0416.0 PAP, cun orzamento de 16.966,08.- euros.

O proxecto técnico reformado apróbase ante a necesidade de reaxustar o orzamento para adecualo ás necesidades de desenvolvemento da obra.

O orzamento da obra, que ascende a 16.966,08.- euros será financiado integramente pola deputación con cargo á partida 0305/469 A/76231 do orzamento da Corporación.

2.- Dispor a exposición pública da memoria técnica aprobada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar as alegacións, entenderase definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Facultar ao presidente para canto proceda no tocante á xestión e execución do presente acordo.”

**14.- APROBACIÓN DO “PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE RESTAURACIÓN E TRANSFORMACIÓN DAS ANTIGAS VIVENDAS DOS GARDAS DO CASTELO DE SANTA CRUZ EN DEPENDENCIAS DE USOS MÚLTIPLES” CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NA LIQUIDACIÓN DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR. CÓD. 00.4100.0484.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Restauración e transformación das antigas vivendas dos gardas do Castelo de Santa Cruz” Concello de Oleiros, cód. 00.4100.0484.0 PAP, cun orzamento de 59.278,61.- euros.

O proxecto técnico reformado apróbase ante a necesidade de reaxustar o orzamento para adecualo ás necesidades de desenvolvemento da obra.

O orzamento da obra, que ascende a 59.278,61.- euros será financiado integramente pola deputación con cargo á partida 0305/469 A/76231 do orzamento da Corporación.

2.- Dispor a exposición pública da memoria técnica aprobada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar as alegacións, entenderase definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Facultar ao presidente para canto proceda no tocante á xestión e execución do presente acordo.”

**15.- APROBACIÓN DO “PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE LAVADOIROS EN PORTOMOIRO, A CARREIRA E BASCUAS” CONCELLO DO VAL DO DUBRA INCLUÍDA NA LIQUIDACIÓN DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR. CÓD. 99.4100.0127.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Construcción de lavadoiros en Portomouro, A Carreira e Bascuas” (Val do Dubra), cód. 99.4100.0127.0 PAP, cun orzamento de 29.288,75.- euros.

O proxecto técnico reformado apróbase ante a necesidade de reaxustar o orzamento para adecualo ás necesidades de desenvolvemento da obra.

O orzamento da obra, que ascende a 29.288,75.- euros será financiado integramente pola deputación con cargo á partida 0305/469 A/76231 do orzamento da Corporación.

2.- Dispor a exposición pública da memoria técnica aprobada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar as alegacións, entenderase definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Facultar ao presidente para canto proceda no tocante á xestión e execución do presente acordo.”

## **16.-APROBACIÓN DO PLAN DE EXPERIENCIA PILOTO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN PEQUENOS NÚCLEOS 2005, 2ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o proxecto EXPERIENCIA PILOTO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN PEQUENOS NÚCLEOS 2005, 2ª FASE integrado polos proxectos que seguidamente se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 210.334,60.- euros, que se financiará con cargo á aplicación 0401/441A/60199 e que son as que seguidamente se detallan.

<b>CÓDIGO</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO</b>
051400006.0	CARBALLO	ESTACION DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA AGLOMERACIÓN RURAL FORMADA POR CANCES GRANDE E CANCES DA VILA	151.033,83
051400007.0	ORTIGUEIRA	ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA AGLOMERACIÓN RURAL DA PONTE DE MERA	59.300,77
<b>TOTAL</b>			<b>210.334,60</b>

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Facultar ao presidente desta Corporación para a execución do presente acordo e todas as actuacións necesarias para a súa posta en marcha, en especial para a sinatura dos respectivos convenios de colaboración cos concellos incluídos neste proxecto, así como para a inclusión dos gastos de mantemento durante 2 anos, que se agregarán ao orzamento de contrata da obra para os efectos da súa contratación conxunta.”

## **17.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA SEGUNDA RELACIÓN DA 2ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 INTEGRADO POLO PROXECTO EP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS P.Q. 3,52 AO 4,00 (SANTIAGO DE COMPOSTELA). CÓDIGO 05.1130.0007.0 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a SEGUNDA RELACIÓN DA 2ª FASE DO PROXECTO DE TRAVESÍAS 2005 integrada polos proxectos que se relacionan, por seren os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA

EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PROXECTO DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0007.0	E.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PK 3,52 AO 4,00 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	239.927,61

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o proxecto e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACION DAS EXPROPIACIÓNS
05.1130.0007.0	E.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PK 3,52 AO 4,00 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	1.652,22

5.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprrobe definitivamente o proxecto e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

**18.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO EP 3302 ESCRAVITUDE A SAN XULIÁN DE LAÍÑO, P.Q. 5.3 AO P.Q. 5.71 (05.1130.0004) (CÓDIGO DO PROXECTO DE GASTOS 2005P0006)**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por executada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto E.P. 3302 ESCRAVITUDE A SAN XULIÁN DE LAÍÑO, P.K. 5,3 AO P.K. 5,71 (0511300004.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS 2005P0006)

2.- Tomar coñecemento do acordo do Pleno do Concello de Rois con data do 3-9-2005 polo que se declara que o concello dispón de todos os terreos necesarios para executar a obra incluída no proxecto relacionado, agás os correspondentes á parcela nº 18 do proxecto (referencia catastral 5347203NH2354N0001XR) cunha superficie de 23,31 m2.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

**19.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA TERCEIRA RELACIÓN DA 2ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 INTEGRADO POLO PROXECTO E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA P.Q. 0,00 AO 3,13 (AMES). CÓDIGO 05.1130.0008.0, E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1 .- Aprobar provisionalmente a TERCEIRA RELACIÓN DA 2ª FASE DO PROXECTO DE TRAVESÍAS 2005 integrada polos proxectos que se relacionan, por seren os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PROXECTO DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0008.0	E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA PK 0,00 A 3,13 (AMES)	711.857,79
TOTAL.....		711.857,79

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o proxecto e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DAS EXPROPIACIÓNS
05.1130.0008.0	E.P. 0205 BERTAMIRANS Á RAMALLOSA PK 0,00 A 3,13 (AMES)	53.310,60
TOTAL.....		53.310,60

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entenderase definitivamente aprobado se estas non se producen.”

**20.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA TERCEIRA RELACIÓN DA 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2050 INTEGRADO POLO PROXECTO TRAVESÍAS E.P. 7804 DO VAL DO DUBRA A SANTIAGO P.Q. 21,20 AO P.Q. 21,71 (SANTIAGO DE COMPOSTELA). CÓDIGO 05.1130.0013.0, E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS, E PRESTAR CONFORMIDADE AO DETALLE EN FASES COS EFECTOS DA SÚA APROBACIÓN PROVISIONAL E A SÚA POSTERIOR CONTRATACIÓN, DE ACORDO COA SOLICITUDE FORMULADA POLO CONCELLO DE BOIMORTO DO PROXECTO TRAVESÍA NA E.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA P.Q. 0,30 AO P.Q. 1,30 (BOIMORTO). CÓDIGO 051300009.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a TERCEIRA RELACIÓN DA 3ª FASE DO PROXECTO DE TRAVESÍAS 2005 integrada polos proxectos que se relacionan, por seren os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA



EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PROXECTO DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0013.0	TRAVESIA NA E.P. 7804 DO VAL DO DUBRA A SANTIAGO PK 21,20 AO PK 21,71 (SANTIAGO)	336.976,73
TOTAL.....		336.976,73

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o proxecto e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA  
É

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACION DE EXPROPIACIÓN	OBSERVACIÓN
05.1130.0013.0	TRAVESIA NA E.P. 7804 DO VAL DO DUBRA A SANTIAGO PK 21,20 AO PK 21,71 (SANTIAGO)	30.847,44	
TOTAL.....		30.847,44	

4. Como fase previa á aprobación provisional do proxecto que se relaciona, prestarase conformidade á desagregación en fases para os efectos da súa aprobación provisional e a súa posterior contratación de acordo coa solicitude formulada polo Concello de Boimorto.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0009.0	TRAVESIA NA E.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA PK 0,30 AO PK 1,30 (BOIMORTO)	283.487,96
TOTAL.....		283.487,96

Remitir o proxecto ao Servizo de Vías e Obras Provinciais co fin de que se adapte este para a desagregación en fases.

5.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o proxecto e consten as correspondentes autorizacións e permisos, así como a dispoñibilidade dos terreos.”

**21.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO TRAVESÍA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE P.Q. 03, AO P.Q 1,40 (0511300011.0) ) (CÓDIGO DO PROXECTO DE GASTOS 2005P0004).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por executada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto E.P. 3004 de CABANAS A MARTINETE PK 0.3 ao P.K. 1.40 (0511300011.0) (código de proxecto de gastos 2005P0004)

2.- Desestimar as alegacións presentadas, dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Formúlanse cuestións que, se é o caso, deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación (prezo xusto), e polo que respecta á modificación de aliñacións, procede a súa desestimación por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do proxecto aprobado por esta Deputación provincial, por se axustar á normativa de accesibilidade de minusválidos.

3.- Ratificar a solicitude de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

**22.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DA COSTA DA MORTE (PRIMEIRO CONGRESO DA ASOCIACIÓN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña, e a Asociación de Profesionais do sector turístico de Costa da Morte para a organización do “I Congreso de Turismo de Costa da Morte”.

2.- A contribución provincial prevista no convenio ascende a un total de 40.000 euros.

3.- A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/751A/489.99.

4.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

5.- O texto íntegro do convenio xúntase como [anexo](#) ao presente ditame.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION DE PROFESIONAIS DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE PARA FINANCIAR O PRIMEIRO CONGRESO DE TURISMO DA COSTA DA MORTE.

A Coruña, vinte e sete de outubro de dous mil cinco

#### REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Manuel Canosa Casais, como presidente da Asociación de Profesionais do Sector Turístico de Costa da Morte.

#### EXPOÑEN:

**Que o “I Congreso de Turismo de Costa da Morte” ten por obxectivo principal o de dinamizar o sector turístico por medio da formación, asesoramento e promoción do asociacionismo.**

**Pártese da necesidade de dar a coñecer cal é a situación do mercado turístico en Galicia, e máis en concreto na comarca, como paso indispensable para saber as características tanto da oferta como da demanda turística. O mercado é un océano no que están mergullados os distintos profesionais do sector que deben buscar determinados ámbitos de encontro e facer fronte aos obstáculos que se lles presentan no día a día, de aí a importancia do tecido asociativo comercial como corpo intermedio entre o profesional e o mercado.**

#### CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O obxectivo principal é o de dinamizar o sector turístico por medio da formación, asesoramento e promoción do asociacionismo colaborando a deputación no financiamento do Primeiro Congreso de Turismo de Costa da Morte.

#### **Segunda.- Actividades que incluíría a execución do programa**

A realización do programa incluírá:

- Relatorios
  - . O mercado do turismo
  - . Asociacionismo do sector turístico
  - . Xestión turística: promoción e comercialización dun destino
  - . Creación e comercialización dun produto turístico. Casos prácticos.
  - . Iniciativas turísticas nos concellos da comarca
  - . Desenvolvemento turístico
  - . Plans de dinamizacións do sector turístico.
- Obradoiros
- Mesas redondas
- Visitas a puntos de interese turístico da Costa da Morte (servizo de comidas incluído)

- Exposicións de artesanía con demostracións en vivo
- Mostra fotográfica da Cosa da Morte
- Concerto de clausura

O patrocinio do “I Congreso de Turismo de Costa da Morte” correspóndelle á Deputación da Coruña, polo que se imprimirán en todos os formatos utilizados para a súa promoción, as imaxes corporativas seguintes: Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (Secretaría Xeral de Turismo), Xunta de Galicia (Consellaría de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo), Deputación provincial da Coruña, Fondos Europeos FEDER .

### Terceira.-Orzamento

O orzamento é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Organización-Coordinación (traballos administrativos, redacción, conclusións)	3.250,00
Mercadotecnia (trípticos, carteis, pancartas, campañas de radio, publicidade en prensa, distribución publicidade, web)	14.327,00
Relatores, prensa especializada e asistentes (axudas de custe, viaxes, servizo de comidas)	11.700,00
Loxística (tradución, azafatas)	3.400,00
Actividades formativas (obradoiros, visitas guiadas)	6.550,00
Actividades complementarias (concerto clausura e mostra de artesanía)	1.600,00
<b>TOTAL</b>	<b>40.827,00</b>

O financiamento da achega provincial prevista no convenio: 40.000 euros, representa o 97,97% do importe do orzamento da actividade e será financiada mediante a súa imputación á partida 0305/751A/489.99 do vixente orzamento da Corporación.

### Cuarta.- Compromisos que ha cumprir a Asociación de Profesionais do Sector Turístico

A Asociación de Profesionais do Sector Turístico comprométese a:

- a) Executar o proxecto de acordo coas determinacións establecidas no presente convenio.
- b) Presentar perante a deputación a certificación comprensiva do gasto total xustificado.
- c) Presentar perante a deputación a memoria técnica na que queden acreditadas todas e cada unha das actuacións realizadas.

De conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Asociación de Profesionais do Sector Turístico garante o cumprimento das prescricións incorporadas no artigo 31.3, ben mediante a presentación de 3 ofertas ou, se as especiais características do contrato así o esixen, mediante a xustificación documental da imposibilidade de realizar a licitación do contrato; todo isto de acordo coa normativa xeral de contratación das administracións públicas.

### Quinta.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio

A contía destinada pola deputación para a realización do programa obxecto deste convenio ascende a corenta mil euros (40.000 €) o que representa o 97,97% do importe do orzamento da actividade que figura como cláusula terceira do presente convenio.

A contribución provincial poderá ser compatíbel con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das contribucións públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

#### **Sexta- Xustificación que ha realizar a Asociación de Profesionais do Sector Turístico**

Antes do 30 de novembro do ano 2005 a Asociación de Profesionais do Sector Turístico presentará a documentación xustificativa da execución do proxecto: memoria técnica, facturas ou certificacións xustificativas do gasto realizado.

O pagamento realizarase despois da presentación da factura ou facturas comprensivas de todos os gastos efectivamente realizados en cumprimento do convenio, nas que se expresará o preceptor (contía, razón social, NIF ou CIF), o concepto, número, data e importe da factura ou facturas e manifestaranse expresamente as achegas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade ou declaración expresa de non ter recibido ningunha, se for o caso. Así mesmo, acompañarase da memoria técnica que detalle a execución das accións executadas en cumprimento do convenio.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto previsto, minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificada. No caso de que os gastos xustificados fosen superiores ao orzamento da actividade, a contribución da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula terceira. En todo caso, a contribución provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificados antes do 30 de novembro de 2005.

A achega provincial poderá ser compatíbel con outras contribucións públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse remitir declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

#### **Sétima.- Reintegro das cantidades percibidas**

No caso de que se resolva o convenio ou que as xustificacións realizadas non cubran a totalidade da contía anticipada, a Asociación de Profesionais do Sector Turístico deberalle devolver á deputación a parte do percibido que corresponda antes do 30 de novembro de 2005 xunto cos xuros de mora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, computados desde a data do libramento até o seu reintegro efectivo.

#### **Oitava.- Comisión de Seguimento**

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

#### **Novena.- Control, seguimento e avaliación**

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

#### **Décima.- Resolución do presente convenio**

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

**Décimo primeira.- Carácter administrativo do convenio**

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase polas estipulacións nel contidas, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que poidan xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no R.D.lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e nas Bases de execución do orzamento provincial.

En todo caso aplicarase a Lei xeral de subvencións nos termos expresados na súa Disposición Transitoria Segunda.

**Décimo segunda.- Vixencia do convenio**

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e estenderase até o 30 de novembro de 2005, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

Correspóndelle ao Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e sete de outubro de dous mil cinco.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente documento no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACION DE  
PROFESIONAIS DO SECTOR TURÍSTICO  
DE COSTA DA MORTE.

Asdo. Salvador Fernández Moreda

Asdo.- Manuel Canosa Casais

## **23.-CONVENIO DA URBANIZACIÓN POLÍGONO “AS LAGOAS” (NARÓN)**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña, a Consellaría de Vivenda e Solo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a Consellaría de Innovación e Industria e o Concello de Narón, para promover o financiamento das obras de urbanización para a mellora das infraestruturas do Polígono Industrial d’ “As Lagoas” en Narón.

2.- A contribución provincial prevista no convenio, para o ano 2005, ascende a un total de 120.000,00 € e poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432.C/75400 do vixente orzamento da Corporación.

3.- Condicionar a eficacia do presente acordo a que, en cada un dos exercicios aos que se estende a súa vixencia, 2006, 2007 e 2008, se habilite o crédito suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio, que ascende a 295.000 € para a anualidade 2006; 295.000 euros para a anualidade 2007 e 290.000 para a anualidade 2008.

4.- Excepcionar, no que se refire a porcentaxes, o réxime de financiamento de gastos plurianuais disposto no artigo 155.3 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, en aplicación da posibilidade conferida ao Pleno polo apartado 5º do citado artigo 155.

5.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

6.- O presente acordo queda condicionado á aprobación previa polo Pleno da deputación, do proxecto ou proxectos técnicos nos que queden detalladas as actuacións establecidas no convenio. En todo caso a aprobación dos proxectos deberase realizar con anterioridade á contratación das obras.

O texto do convenio é o que se xunta ao presente ditame como [anexo](#).”



Nº /2005

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE, A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, E O CONCELLO DE NARÓN**

Santiago de Compostela, X de XXXX de 2005.

**R E U N I D O S**

Dunha parte, a Consellería de Vivenda e Solo, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D.

Doutra, a Consellería de Innovación e Industria, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D.

Doutra parte o Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no seu nome e representación D.

Doutra parte a Excma. Deputación Provincial da Coruña, e no seu nome e representación, o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, segundo o disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 29 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra parte o Concello de Narón, e no seu nome e representación o seu alcalde presidente, o Ilmo. Sr. Xoán Gato Díaz, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Tódalas partes se recoñecen, no concepto no que respectivamente interveñen, coa capacidade legal necesaria para asignar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

**E X P O Ñ E N**

Que segundo o artigo 8 do decreto 134/2002, do 4 de abril correspóndelle á Dirección Xeral de Obras Públicas, entre outras, o exercicio da seguinte función; o inventario, conservación e sinalización das estradas e os servizos complementarios nas zonas de dominio público, de servidume e de afección das estradas, sen prexuízo das competencias que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda en materia de patrimonio.

Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1998, do 27 de abril, encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita lei e no artigo 12 do Decreto 288/1998, do 29 de setembro, de desenvolvemento da antedita lei, subscribi-los correspondentes convenios con outros organismos e entidades, coas corporacións locais, así

como con empresas con participación pública maioritaria, ás que, segundo se dispón no artigo 13 do citado decreto, poderá encomenda-la xestión de obras de construción ou urbanización. Que a Consellería de Innovación e Industria ten encomendada, entre outras, a execución de política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento industrial da comunidade autónoma.

Que segundo se establece tanto na Lei 7/1985, do 20 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos teñen atribuídas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, competencias relativas á xestión e fomento dos intereses propios da provincia e do municipio, e correspondéndolle á Xunta de Galicia a prestación de cooperación e asistencia activa que outras administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, conforme ó establecido polo artigo 55.d) en relación cos artigos 10.1 e 57 da antedita Lei 7/1985 e no artigo 195 da referida Lei 5/1997, contéplase a figura do convenio administrativo coma un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómicas nos asuntos de interese común.

Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña ten atribuída a competencia de prestar asistencia técnica e económica ós concellos da provincia na prestación dos servizos de competencia municipal.

A Lei de administración local de Galicia nos seus artigos 109 e 118 establece que:

*Artigo 109.*

*Serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis. As competencias propias exerceranse en réxime de autonomía.*

*Son competencias propias, en calquera caso, as seguintes:*

*(...) d) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia*

*Artigo 118.*

*Compételles ás deputacións provinciais rexer e administra-los intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles: (...)*

Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación ós que deben de axusta-la súa actuación as administracións públicas galegas, e en exercicio das competencias que lle son propias, acordan a formalización do presente convenio en base ás seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a execución das obras de urbanización para a mellora das infraestruturas do Polígono Industrial de "As Lagoas" en Narón segundo proxecto técnico elaborado por D. Marcelino López Méndez en novembro de 2002 e que ascende á cantidade de 4.618.085,28 €, actualizado en maio de 2005 cun orzamento de 4.614.449,21 €

Segunda.- Para os efectos do presente convenio as obras dividiranse en dous proxectos:

- O primeiro ten por obxecto a execución das obras de infraestrutura urbana e o acondicionamento da estrada de Cedeira que discorre dentro do ámbito do Polígono de "As Lagoas" en Narón. Segundo o estudo presentado o orzamento previsto para ditas obras ascende a 575.606,46 euros.

- O segundo comprenderá o resto das obras de infraestrutura e viais que figuran no estudo redactado pola empresa de enxeñería Proyfe a petición do concello de Narón e que figura como anexo a este convenio. Segundo o estudo o orzamento previsto ascende a 4.038.842,75 euros.

Terceira.- A Consellería de Vivenda e Solo a través da Dirección Xeral de Obras Públicas executará as obras relativas ó acondicionamento da estrada de Cedeira con cargo ós seus orzamentos. Para estes efectos redactará o proxecto de obras e contrataraas, ata acadar a súa completa execución, sen superar o límite establecido na cláusula anterior.

Ó acto de recepción das obras por parte da Dirección Xeral de Obras Públicas acudirá un representante do concello que prestará a súa aprobación cando a recepción fose positiva, o que suporá a aceptación da obra de urbanización por parte do concello, sen reserva ningunha, asumindo dende ese momento o mantemento das infraestruturas.

O financiamento da obra realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.413B.600.1 coa seguinte distribución de anualidades

<b>2006</b>	<b>60.000,00 €</b>
<b>2007</b>	<b>250.000,00 €</b>
<b>2008</b>	<b>265.606,46 €</b>

Cuarta.- O concello realizará o encargo dos proxectos técnicos necesarios para executar as restantes obras. Así mesmo contratará as obras, a dirección de obra, e aprobará as hipotéticas modificacións de contratos, complementarios, revisións de prezos e liquidacións, que sexan precisas para o completo desenvolvemento do obxecto do convenio.

Quinta.- Con independencia do orzamento total das actuacións que se ha levar a cabo ó abeiro do convenio, as partes asinantes, con excepción da Dirección Xeral de Obras Públicas e do concello, comprométense a financiar as obras ata un máximo total de tres millóns de euros (3.000.000, 00 €).

As administracións asinantes cofinanciarán ditas actuacións do xeito seguinte:

1.- A Consellería de Innovación e Industria achegará a cantidade dun millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.661.C.760.0 de acordo coa seguinte distribución, nas anualidades e importes que de seguido se expresan:

<b>2006</b>	<b>333.000,00€</b>
<b>2007</b>	<b>333.000,00€</b>
<b>2008</b>	<b>334.000,00€</b>

2.- O IGVS achegará a cantidade dun millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 06.60.331.A.740.00, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

<b>2005.</b>	<b>.....50.000,00€</b>
<b>2006.....</b>	<b>300.000,00€</b>
<b>2007.....</b>	<b>300.000,00€</b>
<b>2008.....</b>	<b>350.000,00€</b>

3.- A Deputación Provincial da Coruña achegará a cantidade dun millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 21,67% ) con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432C/754.00, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

<b>2005-.....</b>	<b>120.000,00€</b>
<b>2006.....</b>	<b>295.000,00€</b>
<b>2007.....</b>	<b>295.000,00€</b>
<b>2008.....</b>	<b>290.000,00€</b>

Sexta.- O Concello de Narón, con cargo ós seus orzamentos, achegará a cantidade precisa para a finalización completa da redacción dos proxectos, as execucións das obras, e as hipotéticas modificacións, complementarios, revisións de prezos e liquidacións, que sexan precisas para o completo desenvolvemento do obxecto do convenio.

Para estes efectos o concello asumirá estimativamente, e sen prexuízo de maiores concrecións unha vez redactados os proxectos técnicos, o financiamento dun millón trinta e oito mil oitocentos corenta e dous con setenta e cinco euros (1.038.842,75€) IVE incluído e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

<b>2005</b>	<b>.....371.842,75€</b>
<b>2006</b>	<b>333.000,00€</b>
<b>2007.....</b>	<b>334.000,00€</b>

**As achegas das administracións cofinanciadoras do presente convenio enténdense fixas e invariables no senso de que non poderán experimentar incremento derivado de calquera tipo de gasto derivado de obras complementarias, proxectos modificados, liquidacións de obra, contratos conexos ou calquera outro.**

O presuposto xeral constará dos conceptos que se cuantifican e que son os seguintes:

- 1) O presuposto de execución material das obras segundo o proxecto de obras de acondicionamento da estrada de Cedeira no ámbito que discorre no Polígono As Lagoas.
- 2) O 19% sobre o importe da partida anterior, en concepto de gastos xerais (13%) e beneficio industrial (6%) da contrata.

**Se a adjudicación definitiva das obras contivera unha baixa con respecto ó presuposto xeral, sufrirán igualmente a baixa correspondente todos os conceptos en que se detalla o dito presuposto, a excepción dos honorarios correspondentes ós facultativos encargados da dirección e inspección das obras, e os gastos de xestión de obra e control de calidade. A distribución das baixas repercutiríase entre todas as administracións asinantes do convenio de forma proporcional á súa achega inicial.**

**O importe que se ha librar será o porcentual que para cada obra aparece reflectido no presente convenio respecto do total xustificado. No suposto de non xustificarse a totalidade do gasto previsto, minoraranse as achegas das partes aplicándolle o coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ó presuposto da actividade, as achegas non superarán a cantidade máxima da establecida no presente convenio.**

Sétima.- As partes asinantes, con excepción da Dirección Xeral de Obras Públicas, aboaranlle ó Concello de Narón o importe das certificacións de obra unha vez aprobadas polo órgano competente do concello.

O concello aboaralles a totalidade do importe das certificacións ós contratistas.

Para estes efectos a Consellería de Innovación e Industria, a Deputación Provincial e o IGVS realizarán o aboamento das súas achegas segundo o certificado polo concello por agrupacións de certificacións nos seguintes períodos; 1 de xaneiro a 31 de marzo, 1 de abril a 30 de xuño, 1 de xullo a 30 de setembro e 1 de outubro a 10 de decembro de cada ano con excepción do ano 2005 no que os períodos que se han certificar agruparanse dende a sinatura do convenio ó 10 de decembro.

Os aboamentos realizaranse polo importe máximo comprometido para cada anualidade por cada unha das partes.

Para o caso de que o 25% do total certificado nunha anualidade superase os compromisos establecidos para cada exercicio o exceso imputarase ó exercicio seguinte, servindo de xustificación as mesmas certificacións na parte non satisfeita por esgotamento dos compromisos anuais, co límite do importe total comprometido.

Oitava.- O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ó da súa sinatura e enténdese ata o 31 de decembro de 2008, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

De producirse causa xustificada, e sen que para isto sexa precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e dos plenos do Concello de Narón e da Deputación da Coruña o réxime de anualidades previsto poderá ser obxecto de readaptación en anualidades posteriores, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, e sempre que iso non implique exceder o período de vixencia establecido nin a cantidade total comprometida.

Novena.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

A Comisión de Seguimento e Control informará ás partes sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento as administracións asinantes non asumirán compromisos económicos que impliquen incrementar a contía dos compromisos establecidas na cláusula quinta.

Décima.- Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O seu incumprimento total ou parcial.
- 2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que xurdan na súa execución serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as cláusulas.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo pleno da corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuádruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.

FINANCIAMENTO CONVENIO URBANIZACIÓN DO  
POLÍGONO “AS LAGOAS” NARÓN

Conceptos	2005		2006		2007		2008		TOTALS	
	Estrada Cedeira	Urbanización	Estrada Cedeira	Urbanización	Estrada Cedeira	Urbanización	Estrada Cedeira	Urbanización	Estrada Cedeira	Urbanización
Axentes financiad.										
Deputación Provincial		120.000		295.000		295.000		290.000	0	1.000.000
Consellería Industria				333.000		333.000		334.000	0	1.000.000
Consellería Vivenda e solo		50.000	60.000	300.000	250.000	300.000	265.606,46	350.000	575.606,46	1.000.000
Concello Narón		371.842,75		333.000		334.000			0	1.038.842,75
TOTALS	0	541.842,75	60.000	1.261.000	250.000	1.262.000	265.606,46	974.000	575.606,46	4.038.842,75

\* O orzamento da estrada de Cedeira é de 575.606,46 € financiados pola Consellería de Vivenda e Solo a través da Dirección Xeral de Obras Públicas

## **24.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DE LOA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación de Desenvolvemento Local de Loia” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOC. DESENVOLVEMENTO LOCAL DE LOA	Padrón, Dodro, Rois, Ribeira, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Boiro

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción “Asociación de Desenvolvemento Local de Loia”. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación, materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo “Asociación de Desenvolvemento Local de Loia” ao Sr. deputado provincial: D. Ramón Quintáns Vila”.

## **25.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS-NOIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación de Desenvolvemento Ría Muros-Noia” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOC. DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS-NOIA	Lousame, Noia, Porto do Son, Outes, Muros



2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción Local Asociación de Desenvolvemento Ría Muros-Noia. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo Asociación de Desenvolvemento Ría Muros-Noia ao Sr. deputado provincial: D. Ramón Quintáns Vila".

## **26.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL (TERRA DAS MARIÑAS).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Terra das Mariñas” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
TERRA DAS MARIÑAS	Abegondo,Arteixo,Bergondo,Cambre,Carral,Culleredo,Oleiros,Sada

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción Local “Terra das Mariñas”. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo de acción local “Terra das Mariñas” á Sra. deputada provincial: D<sup>a</sup>. Raquel Jabares Fernández”.

### **27.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO SAR-ULLA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación de Desenvolvemento Sar-Ulla” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOC. DE DESENVOLVEMENTO SAR-ULLA	Ames, Brión, Santiago de Compostela e Teo

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción Local Asociación de Desenvolvemento Sar-Ulla. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo da Asociación de Desenvolvemento Sar-Ulla ao Sr. deputado provincial: D. Francisco Candela Castrillo”.

### **28.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTODEMOUROS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOC. GRUPO LOCAL DE DESENV. RURAL PORTODEMOUROS	Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro, Vedra e Vilasantar

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción local "Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros". Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para a "Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros" á Sra. deputada provincial: D<sup>a</sup> Socorro Cea Vázquez".

## **29.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN COSTA ÁRTABRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local "Asociación Costa Ártabra" en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOCIACIÓN COSTA ÁRTABRA	Ares,Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos Narón,Neda, Valdoviño

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción local "Asociación Costa Ártabra". Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos

competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo de acción local “Asociación Costa Ártabra” ao Sr. deputado provincial: D. Pablo Villamar Díaz”.

### **30.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ORDES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOC. DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES	Cerceda,Frades.Mesía,Ordes,Oroso, Tordoia,Trazo

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción local Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo límitanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Ordes ao Sr. deputado provincial: D. José García Liñares”.

### **31.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN EUROEUME.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación Euroeume” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOCIACIÓN EUROEUME	As Pontes de García Rodríguez Cabanas, Capela Moeche, Monfero, Pontedeume, San Sadurniño, Somozas, Vilarmaior

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción local Asociación Euroeume. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo de acción local “Asociación Euroeume” ao Sr. deputado provincial: D. José Luís Armada Castro”.

### **32.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a incorporación formal como socio da Excma. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación de desenvolvemento da Comarca de Bergantiños” en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
ASOC. DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS	Carballo, Coristanco, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Ponteceso

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción local Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a

través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños á Sra. deputada provincial: D<sup>a</sup>. Raquel Jabares Fernández.”

### **33.-PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN AO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL DE TRASTÁMARA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar a incorporación formal como socio activo da Excm. Deputación Provincial ao grupo de acción local “Asociación para o desenvolvemento rural de Trastámara”en cumprimento da previsión incorporada nas bases da convocatoria do programa de axudas provinciais aos grupos de acción local da provincia da Coruña 2005.

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CONCELLOS
“ASOC. PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL TRASTÁMARA”	A Baña,Negreira,Sta. Comba,Val do Dubra

2.- Aprobar os estatutos que regulan o funcionamento do grupo de acción local “Asociación para o Desenvolvemento Rural de Trastámara”. Non obstante, os compromisos económicos da deputación co grupo limítanse aos que poida asumir a través das convocatorias anuais de subvencións dirixidas aos grupos de acción local, de acordo coas previsións e consignacións dos orzamentos da deputación en cada exercicio, sen que a incorporación materializada no presente acordo, implique para a deputación obriga ningunha de asumir o pagamento de cotas ordinarias ou extraordinarias. Así mesmo, os acordos que poidan adoptar os diferentes órganos do grupo de acción local, na medida que afecten a actuacións da Deputación Provincial da Coruña quedan condicionados na súa eficacia xurídica á adopción dos acordos que procedan por parte dos órganos competentes da deputación, de acordo cos procedementos e trámites que en cada caso sexan de aplicación.

3.- Designar como representante da deputación para o grupo de acción local “Asociación para o Desenvolvemento Rural de Trastámara” ao Sr. deputado provincial: D. Germán Diz Arén”.

### **34.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DO DE TERMINACIÓN DA INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE NARÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar tecnicamente o “PROXECTO REFORMADO DO DE TERMINACIÓN DO EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL DE NARÓN”, Código 99.4000.0054.5.

2.-Aprobar o texto do “CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA ESTABELECER A COLABORACIÓN DE AMBAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO REFORMADO DO DE TERMINACIÓN DO EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL EN NARÓN”.

3.-Condicionar a aprobación das modificacións dos contratos derivados do “PROXECTO REFORMADO DO DE TERMINACIÓN DO EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL DE NARÓN” até que o concello certifique o compromiso da contribución municipal.

4.-Facultar á Presidencia para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

### **MOCIÓNS**

Sr. presidente

Hai unha moción presentada, que presentou hoxe o Partido Popular. Antes de someter á súa discusión, temos que debater o trámite de urxencia. Quen vai facer uso da palabra?. Sr. Dositeo, ten vostede a palabra para presentar a moción.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A moción que se presenta expresa a preocupación do Grupo Provincial Popular sobre unha decisión da Consellería de Medio Ambiente en relación con obras de saneamento e abastecemento, que afectan a 21 concellos de Galicia, entre eles algúns da provincia da Coruña.

Non me vou estender na necesidade ineludíbel que ten o rural, e os concellos fundamentalmente rurais, de resolver os problemas ambientais, os de abastecemento e saneamento son se cadra os retos máis importantes que teñen os concellos de Galicia neste momento. E xa que logo, o que nos parece absolutamente non procedente é que

por parte da Consellaría de Medio Ambiente expediente encomendado a Augas de Galicia, á empresa pública Obras e Servizos Hidráulicos, de abastecemento e saneamento, expedientes que foron sacados a licitación, cumprindo todos os requirimentos legais, con crédito adecuado e suficiente, anunciadas as obras, presentadas as correspondentes plicas, reunidas as mesas, e pendente soamente da resolución de adxudicación, sexan anulados total e absolutamente por parte da Consellaría de Medio Ambiente. Di a Consellaría: "...deixar sen efecto a licitación dos contratos administrativos de execución de obra e dar por finalizado o procedemento administrativo de contratación na súa integridade, procédase ao arquivo dos expedientes de licitación e de gasto, e demais trámites das actuacións realizadas”.

Esta decisión xugula o dereito de 21 concellos a dispor de infraestruturas de abastecemento e saneamento, con expedientes regulares, legais, con todos os seus requirimentos.

A razón da urxencia é obvia; se non o tratamos agora, xa non terá ningún sentido dentro de dous ou tres meses preocuparnos deste tema.

Cal é o pedimento que se formula? Que o Pleno da deputación lle requira ao Goberno da Xunta de Galicia que deixe sen efecto as anulacións de proxectos que afectan a 21 concellos de Galicia que vai realizar a empresa pública Obras e Servizos Hidráulicos, e que estes expedientes poidan seguir adiante. Son obras de máxima necesidade, para dar cobertura a servizos básicos, son obras de medio rural necesitado de actuación, que está claro, e por suposto, oporse a isto a nós parécenos absolutamente inxustificado. Non sabemos se son razóns políticas en función da cor, ao mellor, dos concellos; pero en todo caso, se hai unha actuación legal, financiada con créditos específicos, que se cumpren todos os requirimentos legais, a decisión de anular, despois de abertas as plicas, a licitación destas obras, é unha decisión absolutamente inxusta, arbitraria e politicamente condenábel. E por iso pedimos o apoio do Pleno da corporación para se dirixir á Consellaría de Medio Ambiente. A urxencia da moción creo que queda perfectamente clara.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente. O Grupo Socialista non vai entrar no fondo desta moción, no debate, por distintos motivos. Primeiro: entendemos que este non é o foro axeitado para debater esta moción; o foro adecuado é o Parlamento de Galicia, a través do seu grupo parlamentario, do Grupo Parlamentario do Partido Popular, onde pode interpelar ao conselleiro como el considere oportuno, pero non é o foro adecuado o Pleno da Deputación da Coruña.

En segundo lugar, descoñecemos os contidos e as motivacións que levaron a facer o que vostedes formulan na argumentación desta moción.



E en terceiro lugar, que se presentou esta mañá, dúas horas antes, ou tres horas antes do Pleno, e polo tanto non merece o noso voto favorábel.

O Grupo Socialista, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, por estes razoamentos, vai votar en contra, e pedímoslle ao Grupo Popular que actúe onde ten que actuar, que ten un foro e ten un grupo cun número de deputados cuantitativamente elevado. Moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

En primeiro lugar, quero saudar no nome do Grupo Provincial do BNG, ao novo deputado provincial, e transmitirlle os nosos parabéns pola súa incorporación a esta institución provincial.

En segundo lugar, e con relación á moción que vén de presentar o Partido Popular, dicir que o noso grupo tamén vai votar en contra da urxencia desta moción, por dous motivos fundamentais, que xa acaba de explicar o Sr. Lagares, pero que tamén quero repetir. En primeiro lugar, é fundamental decatarse de que esa moción se rexistrou hoxe, día 27, o mesmo día do Pleno, e xa noutras ocasións que pasou o mesmo se lle advertiu desde a Presidencia que non se volvese repetir isto, pensamos que non é adecuado que se rexistren as mocións o mesmo día do Pleno. E en segundo lugar, que o contido que aparece nesta moción do Partido Popular non debe ser debatido, ou non corresponde que se debata aquí nesta institución provincial, senón que lle corresponde ao Parlamento de Galicia.

Entón, eses son os motivos fundamentais polos que votamos en contra da urxencia, non do contido da moción, senón da urxencia desta moción.

Sr. Rodríguez Rodríguez

No Parlamento de Galicia estamos seguros de que este tema se formulará adecuadamente. A razón de o traer ao Pleno da deputación é porque afecta a concellos desta provincia, e unha das nosas obrigas como Deputación provincial son os temas de abastecemento e saneamento dos concellos, que levan moitísimos proxectos, polo tanto é un tema que nos concerne.

E en canto á urxencia, é obvia a necesidade de tomar unha posición neste sentido, o que se podía dicir se vostedes estiman que non hai información suficiente, porque se presentou hoxe, que pase a unha Comisión que a estude; pero que a urxencia do tema é esta, iso está claro, porque se este tema non é urxente, non sei cal é.

En todo caso, nós si que pediríamos, dado que vostedes parece ser que non teñen tempo de tomar unha decisión, que pase á Comisión correspondente, e aí teremos tempo de analizar polo miúdo e pedir a información. Agora, aféctanos, porque afecta a

concellos da provincia, e nós representamos a concellos da provincia para moitas cousas, boas e malas, pero neste caso para os defender.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Dositeo. Eu creo que este é un tema que pertence á esfera do ámbito do Parlamento Galego, todas as semanas hai Pleno, todas as semanas o Grupo Popular ten a capacidade para solicitar a comparecencia e facer preguntas orais en Pleno a calquera membro do Goberno galego, e coido que ese é o lugar onde se debe de formular procedementalmente.

Cando dicía a señora Socorro Cea e o señor Antonio Lagares de que se presentou hoxe, indubidabelmente poden presentar mocións antes das doce da mañá cando crean conveniente; o que lles dicimos é que se as presentan ás once da mañá non podemos estudalas, vostede di que non se sabe se son razóns políticas, pois ao mellor son razóns técnicas, ao mellor está mal o procedemento, non o sabemos, se tivésemos tres días para o estudar pois ao mellor poderíamos debatelo, pero presentándoo dúas horas antes, é imposíbel.

Sr. Torres Colomer

Brevemente, Sr. presidente. No tema de se procede a esta cámara defender temas, neste caso, que afectan a concellos da provincia, o que é competencia da Xunta de Galicia, ou do Parlamento de Galicia, que é o que fai o control da Xunta de Galicia, eu penso que nesta cámara, -está na cabeza de todos, na memoria de todos-, tratáronse temas que nada tiñan que ver, ao mellor directamente, con esta cámara, como pode ser o tema da peaxe das autoestradas, o tema do Porto Exterior de Ferrol, coido que se trataron outros temas, ou sexa, que iso non sexa unha desculpa. Entendo perfectamente que se cadra foi moi precipitada a presentación desta moción perante este Pleno, entón, se vostede o considera oportuno, píddllo, retiramos esta moción e deixámola para o próximo Pleno, para que o estuden con toda a calma que consideren oportuno. Esa é a proposta que fago como voceiro do Grupo Popular. Moitas grazas.

Sr. presidente

Non sei se temos que, procedementalmente, votar esa proposta, pero todo afecta á provincia, aos concellos da provincia, un plan de estradas do goberno de España afecta á provincia, un proxecto ferroviario afecta a concellos da provincia; todo afecta a concellos da provincia; daquela, na medida en que poidamos situar o debate no ámbito competencial axeitado, é o lóxico.

A vindeira semana hai un Pleno no Parlamento, vostedes teñen unha cota para preguntar; pregunten, e que o propio conselleiro, que foi o que tomou a decisión, lles dea as explicacións pertinentes, aos deputados do Grupo Popular e a toda a sociedade galega. O que non podemos nós é tomar unha decisión descoñecendo absolutamente o

contido do que pasa, e o que non podemos é discutir isto dentro de quince días, cando vostedes, dentro dunha semana teñen a oportunidade legal, e o dereito, de o formular na Cámara, directamente ao responsábel que adoptou a decisión.

Ben, son dous puntos de vista, non imos estar a debater aquí vinte horas...

Sr. Torres Colomer

Brevemente, presidente. Por suposto, cada cámara galega ten control, como ten o Congreso dos Deputados en Madrid; pero creo que nós non podemos ser alleos, e non fomos alleos noutros temas, por exemplo o Porto Exterior de Ferrol, que se votou aquí, e se aprobou por unanimidade, ademais que acordamos todos os grupos políticos, entendo que o Porto Exterior de Ferrol é competencia de Madrid, e polo tanto poderíamos dicir: que o debatan nas Cortes Xerais en Madrid. Isto está claro. Eu penso que nós non podemos obviar que hai uns concellos desta provincia afectados nun tema tan importante como é o saneamento, o abastecemento, aí está ese plan, que aplaudo, desas pequenas depuradoras, que está en marcha desde esta deputación. Polo tanto, entendo que non ten o coñecemento, que queren solicitar máis datos, xa que logo, o que pido, se vostede o considera oportuno, é que esta moción quede para o próximo Pleno, para ese próximo Pleno vostedes han de ter os datos oportunos e pronunciarse como consideren oportuno. Moitas grazas, e cerro xa pola miña parte o debate, Sr. presidente.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Torres. Antes de someter a aprobación a urxencia, quérolle dicir que non podemos confundir cousas. Unha cousa é que a deputación recolla a aspiración dunha parte da provincia, ou de toda a provincia, sobre unha cuestión fundamental, e que a faga súa, e a apoie, e que ese apoio sirva como elemento reivindicativo e de defensa dese pedimento perante outros organismos, e outra cousa é tratar de suplantar á cámara galega, ao Parlamento galego, no labor de control dos actos do goberno galego. Aquí non controlamos ao goberno galego; contrólase no Parlamento galego; aquí podemos votar e facer unha reflexión sobre a necesidade do Porto Exterior de Ferrol, ou do Porto Exterior da Coruña, ou sobre temas que afectan a algo, expresar necesidades, recoller sentimentos, pero a actuación de control das decisións xa tomadas, faise na cámara correspondente. Poden ser dúas visións. Esta é á nosa.

Sometemos a votación a urxencia da moción do Grupo Popular.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11-PSOE e 5-BNG)

Abstéñense: Ningún.

Sr. Torres Colomer

Simplemente anunciar que mañá presentaremos esta moción, para que a estuden con calma e entre no próximo Pleno. Moitas grazas.

Sr. presidente

Espero que antes do próximo Pleno xa presenten vostedes a pregunta no Parlamento Galego.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.